

## PLAN DE TRABAJO / COORDINACIÓN DE BENESTAR

CURSO 2023/24

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

*ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.*

#### **COORDINADOR DE BENERSTAR E CONVIVENCIA:**

**M<sup>a</sup> Carlota Penelas Grela- Profesora de 2<sup>a</sup> Lingua Estranxeira, Francés.**

#### **ÍNDICE**

##### **FUNCIÓNS DO COORDINADOR DE BENESTAR E CONVIVENCIA.**

- En coordinación co Equipo Directivo.
- En coordinación co Departamento de Orientación.
- En coordinación coa ANPA.

##### **PLAN DE TRABAJO PARA O CURSO 2023/24.**

- Introducción.
- Análise do contexto.
- Obxectivos.
- Plan de traballo, seguimento, avaliación, modificación e difusión.

Dende fai varios cursos o centro conta cun Plan de Convivencia, entre cuxas actividades se inclúen a adquisición de habilidades, sensibilización e formación da comunidade educativa, promoción do bo trato e resolución pacífica de conflitos polo persoal do centro, o alumnado e a comunidade educativa sobre a resolución pacífica de conflitos.

Este plan integra o principio de igualdade entre mulleres e homes e establece as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, contendo actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Neste contexto cabe destacar a coordinación que se está desenvolvendo entre a persoa dinamizadora da convivencia e os/as titores/as propoñendo accións cooperativas, e asesorando ao resto do profesorado na inclusión de dinámicas de aula que propician a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

A persoa coordinadora de convivencia do centro establece os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de xeito que é un referente para apoiar o labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

Esta labor, a partires do curso 2023/24, contará coa figura de Coordinador de Benestar e Convivencia.

## 1. FUNCÍONS DO COORDINADOR DE BENESTAR E CONVIVENCIA:

A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección do centro docente.

As funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia son as seguintes:

### a) En coordinación co equipo directivo:

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.



- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e tutores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación.

b) En coordinación co Departamento de Orientación:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requirán intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coa ANPA (asociación de nais e de pais):

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

## 2. PLAN DE TRABAJO PARA O CURSO 2023/24:

### a) INTRODUCCIÓN

O compromiso coa adolescencia e o seu futuro debe ser unha prioridade en todos os ámbitos da vida do alumnado, pero a escola convértese nun ámbito privilexiado para acompañalo no seu desenvolvemento socio-emocional e académico. Son diversos os estudos que aseguran que para que a aprendizaxe sexa efectiva, independentemente da idade do alumnado, é necesario que o entorno onde se adquiren coñecementos sexa un ambiente seguro e de benestar.

A figura de coidador debe ter en conta a escola como lugar no que a través do saber e das relacións especiais que nela acontecen se está desenvolvendo iso que chamamos vivir. A escola non é soamente un lugar de oportunidade para os estudos. Para moitos alumnos e alumnas é tamén un dos poucos lugares onde se representa a igualdade, onde hai unha equiparación nunha sociedade atravesada por profundas desigualdades. E para todos e todas, é o lugar de encontro coa alteridade, con ese outro ou outra diferente a nós onde ensaiar a tolerancia, o acordo ou a resolución dos conflitos.

Polo tanto grazas ao Plan de Convivencia, e a labor que dentro do mesmo desenvolverá a figura do Coordinador de Benestar, formando parte do Proxecto Educativo de Centro, preténdese acompañar á comunidade educativa para que poida ser quen de decidir como afrontar este reto colectivo do coidado emocional desde a transformación da convivencia, a aprendizaxe e a compensación socio-emocional a través de redes de apoio para fomentar a participación e a corresponsabilidade nesta tarefa.

### b) ANÁLISE DO CONTEXTO

A denominación oficial do centro e Instituto de Ensino Secundario “A Xunqueira I”. É un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Foi creado no curso 1978-79 como terceiro centro de bacharelato da cidade de Pontevedra.

Polas súas características xeográficas e sociais, pode incluírse na categoría de “centros de carácter periférico mixto”, é dicir, está situado nun ensanche escolar da cidade, próximo ao mundo rural circundante.

**Familias: As familias mostran unha participación moi irregular. O normal é que acudan ao centro trimestralmente a informarse sobre a situación dos seus fillos no centro, aínda que algunhas familias non asisten nunca. Esta frecuencia é maior nos primeiros cursos da etapa obrigatoria. En xeral, a presenza das familias nas reunións de inicio de curso non chega á metade nos primeiros dous cursos, e aínda é máis baixa nos últimos. Por outra banda, Existe unha asociación de nais e pais que tenta ser importante na comunidade educativa.**

**Historicamente a actividade da asociación foi moi escasa debido á baixa participación das familias na asociación nos últimos anos parece que “espertara” un pouco, mais parece que esta actividade volve a estar en retroceso. É importante trasladarlle ás familias a necesidade de asociarse para facer unha asociación forte e con capacidade tanto para trasladar as súas opinións como para poder facer presión ante ás administracións educativas cando sexa necesario. ESCRITO POR ENRIQUE**

O alumnado tipo vive coa súa familia, en casa propia ou de alugueiro e con sitio particular para estudar. As familias traballan a quendas, pola mañá e tarde, a meirande parte. Os estudos dos pais e nais corresponden a un nivel de educación primaria e secundaria na maioría dos casos, pero tamén é salientable o número de titulados superiores. **Algunhas destas familias están a percibir o RISGA. Cada ano vai aumentando o alumnado multiétnico.**

A adaptación escolar do alumnado do centro é boa en xeral, salvo en 1º da ESO onde o alumnado presenta unha falta **considerable de normas sinxelas de convivencia entre eles, entre eles e o profesorado. A opinión que merecen os profesores/as aos alumnos e alumnas é boa na meirande parte dos caso e están a gusto cos compañeiros/as. Están cada vez máis satisfeitos/as coas instalacións e as súas melloras.**

A relación coas familias é boa, con reunións de información e coordinación de carácter global e particular .A actuación dos titores/as na coordinación coas familias é salientable. As situacións particulares que afectan á convivencia e á resolución de conflitos coméntanse coa familia se procede algún tipo de intervención ou información sobre a conduta.

As condutas máis reprobadas polo profesorado son as que teñen que ver cos alumnos/as que amosan pouco interese polas súas clases, que non traballan, que non traen o material necesario, que non prestan atención e/ou distraen aos seus compañeiros/as, impedindo a marcha normal da clase.

**O tipo de conduta problemática máis frecuente ten que ver co incumprimento de deberes ou conculcación de dereitos de carácter leve e algunhas veces grave. Os comportamentos conflictivos inténtanse corrixir fundamentalmente co diálogo e coa aplicación de medidas correctoras formativas e proporcionadas recollidas no Plan de Convivencia, recurso do que sa fai uso ante calquera demanda ou necesidade relativa a problemas ou dificultades de relación e/ou comunicación entre os integrantes do comunidade educativa.??????**

### c) OBXECTIVOS

Segundo a OMS a saúde ou o benestar emocional é un “estado de ánimo no cal a persoa dáse conta das súas propias aptitudes, pode afrontar as presións normais da

vida, pode traballar de xeito máis produtivo e pode facer unha contribución á comunidade”.

Tendo en conta esta premisa o coidado do benestar emocional é o acompañamento que desde a escola debe realizarse para favorecer os seguintes obxectivos fundamentais:

**Desenvolvemento da conciencia emocional:** capacidade para tomar conciencia das propias emocións e das demais persoas, incluíndo a habilidade para captar o clima emocional dun contexto determinado.

Indicador: Autoconciencia.

**Desenvolvemento das competencias emocionais:** a través dunha educación emocional que abordaría o coidado do benestar emocional do alumnado.

Indicadores: Empatía, emoción e autoconciencia.

**Regulación emocional:** capacidade para manexar as emocións de forma apropiada. Supón tomar conciencia da relación entre emoción, cognición e comportamento.

Indicador: Capacidade de recoñecer e controlar as propias emocións.

**Autonomía persoal:** conxunto de características e elementos relacionados coa autoxestión persoal como a autoestima, actitude positiva diante da vida, responsabilidade, capacidade para analizar criticamente as normas sociais, capacidade para buscar axuda e recursos, así como a autoeficacia emocional, intelixencia interpersonal...

Indicadores: Motivación e liderado.

**Resiliencia:** reforzando os procesos que integran a capacidade para afrontar as adversidades, saír fortalecido e construír sobre elas, adaptándose positivamente.

Indicadores: Emoción, autocontrol e motivación

#### d) PLAN DE TRABAJO, SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN

Para desenvolver o acompañamento ao benestar emocional propónse unha intervención por fases. As actuacións están orientadas a enfocar as características específicas de cada unha destas fases.

## ORGANIZACIÓN DO PLAN DE TRABALLO

### PRIMEIRA FASE: DETECCIÓN E ACOMPAÑAMENTO.

**Obxectivo principal:** detectar situacións de malestar, ansiedade, sufrimento... no conxunto da comunidade educativa e dotar de recursos para o acompañamento e intervención

**Temporalización:** inicio inmediato e duración en tanto persista a súa necesidade.

**Accións:** Profesorado: acompañamento e apoio a través de redes de apoio entre equipos directivos e docentes, creando espazos e tempos para compartir emocións e propostas.

### SEGUNDA FASE: FORTALECEMENTO DA RESILIENCIA E DA COMPETENCIA EMOCIONAL NA COMUNIDADE EDUCATIVA.

**Obxectivo principal:** Manter o benestar e dotar de instrumentos de resiliencia e mellora do afrontamento á comunidade educativa.

**Temporalización:** A partires do 1º/2º trimestre e de previsible duración ata o final de curso.

**Accións:** Continuar coa fase 1 e, en especial, coa proposta didáctica para a aula relativa ás actividades e accións na procura de benestar emocional.

Accións formativas (profesorado/ANPA) a través da rede de formación e colaboración de axentes sociosanitarios e comunitarios relevantes.

### TERCEIRA FASE: CONSOLIDACIÓN. PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN PARA CURSOS SEGUINTE. DOTACIÓN DE RECURSOS DIDÁCTICOS.

**Obxectivo principal:** Dotar ao centro de recursos a medio e longo prazo e de cara aos vindeiros cursos

**Temporalización:** Presentación de iniciativas en maio/xuño para o desenvolvemento a partir do curso 24/25.

#### **Accións:**

Accións formativas e de concienciación específicas no ámbito da saúde mental para toda a comunidade educativa de cara a acabar co estigma social. Especial énfase no profesorado de secundaria. Colaboración con entidades con convenio.

Programas integrais de convivencia e benestar nas aulas

Colaboración con entidades e asociacións en plans e propostas de Benestar Emocional.

Traballo en aspectos transversais que inciden no benestar emocional: Alimentación, actividade física, bo descanso, goce co noso grupo de iguais ou contorno, relaxación, positividade ante as experiencias, etc.

Concurso de ideas no centro: Benestar Emocional e difusión de boas prácticas. Proxectos piloto que analicen o estado emocional da comunidade educativa e favorezan o benestar.

#### SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN:

Será unha avaliación continua, ao longo de todo o proceso, a través dun intercambio de información entre titores, responsable o Plan de Convivencia, equipo docente, pais e alumnos.

Consideramos imprescindible valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos a través de técnicas como: observación, recollida de datos, cuestionarios de rexistro, entrevistas periódicas a distintos membros da comunidade educativa e observación sistemática do comportamento do alumno/a, para traballar sobre ela, e poder avaliar os cambios obtidos.

Tests e cuestionarios de diversa índole para avaliar os ámbitos que interrelacionádos en calquera intervención.

#### DIFUSIÓN:

Dito Plan de Traballo será dado a coñecer a toda a comunidade educativa a través das canles oportunas para cada caso: Consello Escolar, Claustro, Reunións de Departamentos, PAT e nas aulas a través dos titores/as, docentes e membros do D.O.